



## **MEMORIA DE CALIDADE**

**Facultade de Humanidades**

**Curso Académico: 2016/2017**

## Índice

<b>1. Introducción</b> .....	2
1.2. Ámbito de aplicación.....	2
1.3. Documentación de referencia.....	2
1.4. Comisión de Calidade.....	2
<b>2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade</b> .....	4
2.1. Vixencia da política de calidade.....	4
2.2. Plan Estratéxico e Programación Plurianual.....	4
2.3. O SGIC do centro en relación coa situación dos títulos nel impartidos.....	5
2.4. Estado do Plan de Melloras do Centro para o curso 2016-2017.....	12
2.5. Accións de Mellora para o curso 2017-2018.....	18
<b>3. Plan de Melloras</b> .....	20
<b>4. Anexo: Informes de seguimento</b> .....	26

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 06/03/2017
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 2 de 29

## 1. Introducción

A Facultade de Humanidades sabe da importancia de buscar a calidade no contexto universitario garantindo programas formativos que sexan adecuados para responder ás demandas de excelencia. Tendo como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Humanidades diseña a súa propia política establecendo como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos que fagan da xestión da calidade un elemento estratéxico para cumprir co compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A Memoria de Calidade da Facultade de Humanidades correspondente ao curso 2016-2017 foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e recolle información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, ao seguimento dos títulos impartidos na Facultade e ao plan de melloras do centro para o curso 2017-2018, incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos non suspendidos. Esta Memoria de Calidade da Facultade de Humanidades correspondente ao curso 2016-2017 foi aprobada pola Comisión de Calidade na súa xuntanza celebrada o 14 de marzo de 2019 e ratificada en Comisión Permanente o 14 de marzo de 2019.

**1.1 Ámbito de aplicación:** O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2016-2017 abrangue as titulacións impartidas no centro non suspendidas e a tódolos membros da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Estes títulos foron:

- Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural
- Grao en Lingua e Literatura Españolas (grupo en Lugo)
- Máster en Servizos Culturais.

**1.2. Documentación de referencia:** Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos e da normativa estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), as que se inclúe a continuación:

- Memoria do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural
- Memoria do Grao en Lingua e Literatura Españolas
- Memoria do Máster en Servizos Culturais

**1.3. Comisión de Calidade da Facultade de Humanidades:** Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade, as comisións de título, o responsable de calidade do centro e os/as coordinadores/as de título. As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no Capítulo 3 do Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Humanidades, aprobado pola Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno o 12 de xuño de 2015. Detállanse a continuación a composición e as funcións da Comisión de Calidade:

- Decana da Facultade (presidenta)

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 06/03/2017
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 3 de 29

- Responsable de Calidade do Centro (RCC)
- Coordinadores/as de Titulación/s
- 1 membro do PAS (Responsable da Unidade de Apoio á Xestión do Centro ou persoa que designe a Decana)
- 1 alumno/a (preferiblemente alumno/a-titor/a)
- Outros membros que o/a Decano/a da Facultade considere oportuno propoñer á Xunta de Facultade para o bo funcionamento do SGIC.

Son funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC na Facultade
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade que englobará distintos informes e memorias:
  - Informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras do centro para o seguinte curso
  - Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora
  - Memoria do/s Título/s que inclúe as propostas de mellora.

Ao longo do curso 2016-2017 a Comisión de Calidade da Facultade de Humanidades reuniuse nas seguintes datas:

- 31/10/2016, coa seguinte orde do día:
  - Inicio de traballos para a elaboración dos Informes de Seguimento dos Títulos
- 23/01/2017, coa seguinte orde do día:
  - Revisión e aprobación do Informe de Seguimento do Máster en Servizos Culturais (3ª edición)
  - Revisión e aprobación do Informe de Seguimento do Grao en Ciencias da Cultura e difusión Cultural
- 06/03/2017, coa seguinte orde do día:
  - Exposición e aprobación do informe da Memoria de Calidade do Centro do curso 2015-2016
- 30/03/2017, coa seguinte orde do día:
  - Aprobación das actas de sesións anteriores
  - Inicio dos traballos para a elaboración do Plan Estratéxico 2016/2020 do Centro
  - Reparto de tarefas entre os membros da comisión
  - Asuntos de trámite
- 04/04/2017, coa seguinte orde do día:
  - Aprobación da acta da sesión anterior
  - Posta en común das tarefas levadas a cabo para a elaboración de Plan Extratéxico do centro 2016/2020
  - Asuntos de trámite
- 17/04/2017, coa seguinte orde do día:
  - Aprobación da acta da sesión anterior
  - Posta en común das tarefas levadas a cabo para a elaboración de Plan Extratéxico do centro 2016-2020
  - Asuntos de trámite.

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 06/03/2017
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 4 de 29

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

### 2.1. Vixencia da política de calidade

O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) ten como finalidade establecer os procesos axeitados para a continua mellora dos procesos formativos nas titulacións adscritas á Facultade de Humanidades da USC, permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e a renovación da mesma de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010. O SGIC marco da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

O 27 de setembro de 2011 foron aprobados en Xunta de Facultade, dous dos documentos que configuran o SGIC da Facultade de Humanidades, o “Manual del Sistema de Gestión Interna de Calidad (MSGIC)” e o “Manual de Procesos y Procedimientos”. O SGIC da Facultade de Humanidades foi aprobado en Consello de Goberno da USC o 7 de xullo de 2011. Con data de 30 de maio de 2012 a ACSUG emitiu un “Informe Final de Evaluación Positivo” do SGIC da Facultade de Humanidades, o que o acredita coa certificación do Programa FIDES AUDIT.

A Comisión delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013 aprobou unha revisión do SGIC marco da USC encamiñada a simplificar a documentación relativa á xestión da política de Calidade. En consonancia con esta modificación do SGIC marco da USC, a Xunta de Facultade de Humanidades celebrada o 13 de decembro de 2013 aprobou o Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Humanidades. Tanto o “Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Humanidades” como o “Manual do Sistema Marco de Garantía de Calidade” e o “Manual de Procesos e Procedementos” están dispoñibles a través da páxina web da Facultade de Humanidades, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade, no enlace <http://www.usc.es/gl/centros/humanidades/Calidade.html>.

Na Xunta de Facultade extraordinaria de 7 de maio de 2015 aprobaronse as modificacións realizadas sobre o Manual Simplificado do SGIC para a súa adaptación aos novos Estatutos da USC.

A documentación relativa ao SGIC en vigor durante o curso 2016-2017 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento.

### 2.2. Plan Estratéxico e Programación Plurianual

O Plan Estratéxico do Centro, en proceso de elaboración durante o curso 2016-2017, tal como se pode comprobar nas actas da Comisión de Calidade de 30 de marzo, e 4 e 17 de abril de 2017, quedou suspendido tralo anuncio dunha inminente eliminación do grao adscrito ao centro, o *Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural*, así como do grupo de docencia do *Grao en Lingua*

e *Literatura españolas*. Esta decisión externa e imprevista provocou que o centro se vise abocado a interromper a elaboración do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual. Dado que estes dous documentos ten como fin, a partir da diagnose da situación actual do centro, establecer os obxectivos estratéxicos a conseguir a medio e longo prazo e as medidas para acadalas, a eliminación dos dous graos impartidos na facultade deixou sen sentido o establecemento dunha estratexia global que, en boa lóxica, debe xirar en torno das titulacións.

### 2.3. O SGIC do centro en relación coa situación dos títulos de grao nel impartidos

Tal como se indicou no apartado anterior, o SGIC da Facultade de Humanidades veuse seriamente afectado no curso 2016-2017 polo anuncio da futura suspensión dos títulos de grao impartidos no centro, non así con respecto ao Máster en Servizos culturais. A continuación, daremos conta da situación de cada unha destas titulacións.

#### 2.3.1. Grao en Ciencias da Cultura e Difusión cultural

As accións de mellora previstas para o curso 2016-2017 para o Grao en Ciencias da Cultura e Difusión cultural comprendían unhas 13, co obxectivo de desenvolver varias iniciativas en distintos aspectos susceptibles de facer o título máis atractivo. Esas accións, das que se darán conta polo miúdo no apartado 2.4.1., foron as seguintes:

AMCC-01: Explorar a posibilidade dun dobre título coa Universidade de Turín (Italia)
AMCC-02: Establecer convenios que posibiliten aos alumnos a realización de exames en centros próximos a seus lugares de residencia
AMCC-03: Publicitar o grao nun ámbito de difusión académica
AMCC-04: Elaborar un plan de comunicación e publicidade conxuntamente entre o Gabinete de Comunicación do Campus Terra e os docentes da área de comunicación implicados na docencia do Grao
AMCC-05: Potenciar a vertente profesionalizante do título mediante a organización dunha actividade extracurricular.
AMCC-06: Iniciar os trámites necesarios para a dotación dun posto técnico na unidade e-Terra para cubrir as necesidades formativas dos docentes implicados na modalidade semipresencial
AMCC-07: Diminución das taxas de abandono (IN40G-S01-PM-01 e IN41G-S01-PM-01).
AMCC-08: Analizar, organizar e publicitar información clara sobre as competencias e as saídas profesionais dos nosos egresados
AMCC-09: Mellorar os mecanismos e canles de información de modo que os órganos de xestión estean en condicións de reflexionar e tomar decisións sobre os problemas que se detectaron na coordinación das materias en outros aspectos relacionados coas mesmas.
AMCC-10: Revisión del SGIC para adecuarlo a las características y necesidades de la Facultad
AMCC-11: Elaboración e aprobación da planificación estratéxica da Facultade e da Programación Plurianual
AMCC-12: Continuar coa difusión para fomentar a cultura de calidade e participación dos grupos de interese do centro nas enquisas de satisfacción.
AMCC-13: Realizar un informe de seguimento e un análise da información sobre os egresados e a inserción laboral do título

Sen agardar o resultado destas accións, a inicios do 2017 solicitouse ao centro desde o SXOPRA un segundo Plan de viabilidade dese grao (despois de terse acometido un 1º no ano – curso

2014/15, momento no que se engadiu a modalidade semipresencial á presencial, chegando a ter unha matrícula de 40 alumnos entre as dúas modalidades en primeiro cando se implementaron), así como un informe de singularidade, a pesares de terse superada a renovación da acreditación do título por parte dunha comisión externa nomeada pola ACSUG cun informe provisional positivo, con data de 6 de maio de 2016. Esta avaliación foi ratificada mediante *Resolución del Consejo de Universidades de Renovación de la Acreditación*, con data do 14 de xuño de 2016.

No 2º Plan de viabilidade elaborado á instancia do SXOPRA, púxose de manifesto os resultados acadados nas diferentes taxas analizadas ata o presente curso 2016-2017 e incorporáronse novas iniciativas para poder continuar coa impartición do título. Así, con respecto ás taxas, as analizadas correspondentes aos últimos anos, nos que se impartía o título nas dúas modalidades, e dicir desde o 2014-2015, presentaban resultados positivos, excepto a de abandono os dous primeiros anos. Con respecto á matrícula, en canto se puxeron en marcha as dúas modalidades, acadáronse 40 alumnos o primeiro curso, logo houbo un descenso (18, no curso 2015-2016) e unha remontada no curso 2016/2017 (23) e 2017/2018 (32). En canto aos resultados acadados na taxa de eficiencia foron moito mellores dos previstos, xa que se obtivo no 2015/2016 un 94,53% fronte ao 60% mencionado na memoria e ao 70% citado no 1º plan de viabilidade. O resto de taxas (as de éxito, avaliación e rendemento) responderon a esta mesma tendencia positiva e acadaron valores sempre por enriba dos da media da USC. No tocante á taxa de abandono, esta experimentou no último ano unha baixada considerable, pasando do 41,67% do curso 2014/2015 a menos da metade (20%) no curso 2015/2016, e que o situaba cerca da media xeral da USC. Esta baixada atinxía sobre todo a modalidade semipresencial do título. Os motivos que podían explicar este dato negativo podían derivar de causas relativas tanto aos propios alumnos, que por razóns persoais decidiron abandonar os seus estudos, como ás condicións nas que se impartían este título na modalidade semipresencial, é dicir, nun marco que non tiña, e nin ten, aínda a súa normativa adaptada a este tipo de estudos no seo da universidade. As consecuencias deste feito condicionaron positivamente os resultados das taxas de graduación futuras que ata daquela foran moito máis baixas das previstas na memoria do título (fronte ao 60% previsto, os valores acadados nas dúas primeiras promocións de graduados foron de 36,84% en 2014-2015 e 38,46% en 2015-2016), lonxe tamén da media da USC (54,99%).

En canto ás medidas de formación académica orientadas á inserción laboral, para cumprir coa finalidade de formar persoas coas competencias e destrezas necesarias tanto para a creación e difusión de contidos culturais como para a xestión institucional ou empresarial do noso patrimonio cultural, aparte das materias propias do curriculum do título, implantáronse outras actividades de tipo extracurricular, coma as *Xornadas de Xestión e Mediación culturais*, que foron pola súa VI edición no curso 2016/17. Estas xornadas supoñen unha oportunidade de achegar ao alumnado os diferentes sectores das industriais culturais e de poñer ao seu alcance as experiencias e as prácticas do mercado laboral. Ademais, nestas xornadas participan de forma moi activa membros da Asociación de Xestores culturais de Galicia, coa que o centro xa asinou un convenio de prácticas en empresas para os seus alumnos. No cadro deste convenio están previstas tamén outras actividades de colaboración (charlas, obradoiros, simulacións etc.) que serán levadas a cabo por eles ao longo do período de formación do alumnado.

Outra acción levada á cabo co vistas a vencellar o título co tecido social e profesional consistiu en reforzar o comité consultivo con máis incorporacións de membros externos, coma o Presidente da dita Asociación de Xestores culturais de Galicia e a directora do Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

O sesgo claramente profesional do título necesitaba de accións como estas, tendo en conta os datos amosados polos indicadores de inserción laboral e do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU) para os egresados no *Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural* que indican que a taxa de afiliación á Seguridade Social en réxime de autónomos das dúas primeiras promocións de graduados son moi superiores á dos antigos licenciados en Humanidades (33,3% no 2015 e o 50% no 2016 fronte ás taxas do 10,6% no 2011, 9,5% no 2012, 11,4% no 2013 e 11% no 2014). En efecto, este salto cuantitativo mostra que o carácter profesionalizante desta titulación favorece claramente o emprendemento e a autoempregabilidade dos nosos titulados, e que polo tanto existe unha demanda deles por parte da sociedade. A fin de contas, este resultado correspóndese coa motivación inicial que impulsou o cambio de plan de estudos, desde a licenciatura de Humanidades ao *Grao en Ciencias da Cultura e Difusión cultural*. En canto á dimensión internacional do título, a parte dos contactos con universidades estranxeiras (Xapón) establecidos por medio do programa europeo VIA LACTEA, o centro iniciou a exploración dun dobre título coa Universidade de Turín (Italia) neste curso e máis con universidades chinesas nos dous últimos cursos. Estes contactos abren a vía á incardinación do título en redes internacionais de calidade que poderían supor oportunidades tanto para aos estudantes locais de coñecer outras culturas como para os estudantes foráneos de descubrir a nosa.

Con respecto ao Informe de singularidade, púxose de manifesto o carácter único desta titulación no SUG. Este carácter único procedía da formación híbrida que proporcionaba ao alumnado, á vez xeralista, como lle compete ser a un grao, e profesional con materias específicas do ámbito da comunicación a partires de 3º centradas na xestión cultural, completadas con prácticas voluntarias en empresas que cursan os alumnos de forma maioritaria. Este sinal híbrido do plan de estudos desta titulación, concibido con materias procedentes de dúas ramas de coñecemento, das ciencias humanas (Humanidades) e das ciencias sociais (Ciencias da comunicación), non so era unha singularidade deste grao por ser o único que presentaba esta característica dentro do SUG senón que estaba a ser demandado para o resto das titulacións de Humanidades.

Así o manifestou a Conferencia de Decanatos de Artes y Humanidades na súa XXIV Conferencia Nacional, o 27 de maio 2016, avogando o reitor da Universidade de Oviedo “pola transversalidade entre áreas académicas e subliñou neste senso que as Humanidades deben estar presentes en todas as titulacións” (<http://www.uniovi.es/-/los-decanos-de-humanidades-debaten-en-la-universidad-de-oviedo-sobre-el-futuro-de-las-titulaciones>), así como na seguinte edición, celebrada en Almagro en 2017.

Ambolos dous documentos, o 2º Plan de Viabilidade e o Informe de Singularidade, foron denegados no primeiro semestre do 2017, a pesares de ter acadado o título unha matrícula de 32 alumnos no curso 2017-2018, incluso cunha media académica de acceso por parte dalgunha alumna procedente das ABAU de 13/14, e de ter obtido no 2017 non soamente a mellor calificación de tódala USC polas enquisas de satisfacción dos alumnos para esa titulación (4/5)



senón tamén o recoñecemento recibido por primeira vez por parte do BBWA ao mellor grao de tódolos títulos de Humanidades de toda España, calificación que volveu a obter ao ano seguinte.

Ante esta situación, e consultados todos os órganos reitores da USC, o Centro considerou prioritario empezar a constituír unha comisión redactora para deseñar un novo grao en substitución do *Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural*, ao tempo que se iniciaron conversas coa Facultade de Filoloxía para por en marcha uns estudos que cubrisen o oco que ía deixar a futura supresión do grupo de Lugo do Grao en Lingua e Literatura Españolas. Esta situación de vulnerabilidade imprevista na que ficou a Facultade de Humanidades fixo necesario un tempo de reacción e reflexión e marcou a necesidade de priorizar uns obxectivos sobre outros, o que levou a concentrar todas as enerxías no deseño de novas propostas docentes, e ao mesmo tempo, a tomar a decisión de paralizar o Informe de Seguimento dun título cuxa extinción se tiña decidido desde instancias externas de forma imprevista. En todo caso, esta Memoria da conta do estado das accións de mellora do *Grao en Ciencias de Cultura e Difusión Cultural* comprometidas no Informe de Seguimento 2015-2016, e recolle dentro do Plan, como accións de mellora do Centro a desenvolver no vindeiro curso, os traballos para deseñar un novo grao que substitúa ao anterior (AMC-04).

### 2.3.2. Grupo de docencia do *Grao en Lingua e Literatura españolas*

No referente ao grupo de docencia do *Grao en Lingua e Literatura españolas*, as accións de mellora previstas para o curso 2016-2017 foron 6 e consistiron nas seguintes:

AMLLE- 11: Aumentar o número de alumnos de 1º curso
AMLLE- 12: Incrementar o número de alumnos de prácticas externas
AMLLE- 13: Incrementar o número de alumnos que cubren as enquisas dos TFGs
AMLLE- 14: Nomear coordinadores de curso
AMLLE- 15: Aumentar a participación do profesorado nos cursos do PFID
AMLLE- 16: Organizar cursos para PAS de formación específica sobre procesos de seguimento da calidade

Cando estas accións estaban a ser implementadas desde o inicio do curso, produciuse o anuncio da extinción deste grupo de docencia de forma sorpresiva no segundo trimestre do 2017. Esa extinción ía efectuarse primeiro de xeito inminente, para o curso 2017-2018, e despois de negociar coa Xunta unha moratoria, decidiuse que o curso 2018/2019 sería o derradeiro en ofertarse a matrícula para 1º curso. As razóns desta extinción están reflectidas no autoinforme de seguimento do ano 2016-2017, presentado pola Facultade de Filoloxía, centro reponsable desta titulación, como segue:

“Cómpre sinalar que a Xunta de Galicia decidiu que, xa desde este curso 2017-18, o grupo de Lugo ten que ofertar 45 prazas (mínimo para os que a Administración galega considera «campus periféricos»), unha cifra inalcanzable, tal e como mostra a serie histórica de demanda do título en Lugo.” (p. 28).

Debido ao feito que esa condición imposta pola Xunta non se ía poder cumprir, decidiuse proceder á extinción do grupo de docencia do Grao en Lingua en Literaturas na Facultade de Humanidades para o curso 2019-2020.

Aínda así, nesta Memoria recóllese o estado das accións previstas para o curso 2016-2017 no apartado 2.4.2.

### 2.3.3. Máster en Servizos culturais

Entre as accións de melloras fixadas para o Máster en Servizos Culturais, figuran para o curso 2016-2017 estas 19 que listamos a continuación e das que se presenta o estado no apartado 2.4.3.

AMSC-01: Accións para dar a coñecer o máster
AMSC-02: Introducción de melloras no procedemento de adxudicación de títolos
AMSC-03: Deseño e realización do evento CulturaLab (3ª ed.)
AMSC-04: Revisión dos plans de estudos de máster das catro universidades estratéxicas para o Campus Terra
AMSC-05: Modificación dos criterios de acceso entre Humanidades e Ciencias Sociais
AMSC-06: Atención á diversidade lingüística do alumnado
AMSC-07: Titorización estreita do alumnado ao longo do seu periplo pola titulación
AMSC-08: Elaboración dun cronograma que conteña as datas de entrega das actividades a realizar na plataforma
AMSC-09: Refinamento das canles de comunicación entre coordinadora e o profesorado
AMSC-10: Revisión das normas que regulan a xestión da docencia e da avaliación
AMSC-11: Incorporación de representantes do alumnado na Comisión Académica do máster
AMSC-12: Búsqueda de incentivos para a mobilidade do profesorado
AMSC-13: Aproximación da taxa de rendemento ao obxectivo fixado na Memoria do Título (un 90%)
AMSC-14: Deseño dun Plan de Acolida individualizado
AMSC-15: Medidas para fomentar o aumento da participación nas enquisas e cuestionarios
AMSC-16: Establecemento de relacións con titulación de máster semellantes
AMSC-17: Mellora da formación do profesorado en dirixir traballo grupal e creativo en contexto non presencial
AMSC-18: Medidas de solución de problemas en coordinación entre docentes
AMSC-19: Creación de estándares de comparación de ensinos semipresenciais u <i>on line</i>

Os resultados destas accións corroboran o éxito que este máster está a experimentar non soamente en áreas de coñemento vinculadas ás Humanidades, senón tamén nos

egresados e egresadas das áreas vencelladas ás Ciencias Sociais, con especial incidencia dos ámbitos formativos do ensino primario e da comunicación. Polo **perfil de ingreso**, incluso se examinamos os títulos achegados polos solicitantes –un total de 69 solicitudes para o curso analizado- que finalmente non accederon, esta diversidade é aínda moito maior, feito este que reflicta a interese que este máster esperta en persoas cun perfil formativo variado e que demandan unha especialización no sector cultural. Esta circunstancia é a que xustifica o deseño dunha acción de mellora específica, a AM-5, acordada na Comisión Académica do 0/02/2017, consistente en modificar os criterios de acceso ao Máster para que ambas áreas de coñecemento, Humanidades e Ciencias Sociais, estivesen igualadas. Pese a isto, o Servizo de Xestión Académica da USC (SXOPRA), por erro, non respetou esta decisión ao manter esta desigualdade entre estas áreas para o curso 2017-2018. Esta circunstancia solventarase, agardamos, no vindeiro curso.

En canto á **procedencia xeográfica** do alumnado, o IN09C-PC-05 corrobora un cambio de tendencia entre os cursos 2015-2016 e 2016-2017. Se no primeiro destes cursos a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre un total de 25 prazas ocupadas se situaba nun 5,26 % (2 prazas), no seguinte esta incrementouse ata un 20 % nun total de 40 prazas ocupadas, correspondentes moitas delas a persoas que non remataran totalmente os seus estudos, con orixes en diversos lugares da xeografía nacional (Andalucía, Asturias, Castela e León, A Rioxa) e estranxeiros (Reino Unido). Esta diversidade xeográfica é unha mostra da potencialidade do título fóra de Galicia e no que resultan determinantes a súa condición de docencia oficial e non presencial, así como os prezos competitivos dos títulos galegos fronte aos doutras Comunidades Autónomas. Este feito motivou o deseño e implementación da AM-1. Igualmente as consultas dos alumnos relativas ao papel da lingua e literatura galegas no desenrolo do título, levaría á súa conversión nun máster bilingüe, tal e como se recolle na AM-6.

Outros datos satisfactorios son a **nota media de acceso por preinscrición** (IN06C-PC-05) e a **porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis** (IN07C-PC-05) que en ambos cursos sitúanse entorno a 7 e por riba do 90 % respectivamente.

No tocante ao **perfil real de egreso**, os datos recollidos no I13 (Resultados de inserción laboral) son parcialmente relevantes xa que se refiren a datos dos cursos 2009-2010 e 2013-2014 e non co actual plan de estudos que na súa 3ª edición implementouse a partires do curso 2015-2016.

A **taxa de afiliación** presenta dúas oscilacións que cómpre reseñar:

- na primeira cohorte vai dende un 66,7 % o primeiro ano logo de egresar ata un 11,1 % no cuarto curso, agudizándose nos anos quinto e sexto.
- na segunda cohorte dispoñemos de datos para “un ano despois de egresar” (45,5 %) e “dous anos despois de egresar” (45,5%).

Estas baixas cifras poden obedecer a un afastamento entre o mercado laboral real e o deseño do título. Por esta razón, as modificacións recollidas na nova memoria (3ª edición) tiveron como finalidade adaptar o título ás necesidades do mercado laboral. Igualmente ao dispoñerse de datos desta nova edición poderán ofrecerse datos que reflexen se esta mellora formativa se reflicta no avance das cifras de autónomos. Pese á inexistencia de datos en varios dos anos examinados, a porcentaxe de autónomos alcanza un 50 % na primeira das cohortes tres anos despois de egresar. Dada a importancia do autoemprego no sector cultural, esta porcentaxe pode resultar baixa, se ben cómpre matizar que se refire a uns anos de regresión económica a nivel estatal. En contraposición á primeira cohorte, a segunda das cohortes presenta unhas

mellores cifras en canto a emprego indefinido. Co obxecto de aproximar aos e ás egresados e egresadas aos nichos de empregabilidade no sector cultural, tense posto en funcionamento a AM-3, así como a celebración dos eventos recollidos no apartado 7.3 do Informe de Seguimento.

A **taxa de rendemento** do máster presenta un notable aumento, pasando dun 62,43 % no 2015-2016 a un 71,79 % no 2016-2017. Este aumento obedece probablemente ás accións de mellora destinadas, por un lado, perfeccionar as canles de contacto entre equipo docente do título e alumnado e, por outro, entre o equipo docente do título e a coordinadora do mesmo. Se agora analizamos esta taxa diferenciando entre o alumnado Tempo Completo (TC) e Tempo Parcial (TP) e comparándoa coas doutros másteres da USC, da Comunidade Autónoma e do Sistema Universitario Español, sacamos como conclusión que no alumnado a TC acada o 59,83 %, isto é, máis baixo que nos outros tres ámbitos onde acada máis do 90 %. Polo contrario, no caso do alumnado a TP esta acada un 95,77 %, superando claramente aos citados tres ámbitos: 58,64 % (másteres da USC), 63,75 % (Comunidade Autónoma) e 79,28 % (Sistema Universitario Español). Como conclusión, o alumnado a TP acada uns mellores resultados nesta taxa polo que a AM-14 persegue o incremento do alumnado que curse o máster nesta modalidade.

A **taxa de rendemento por materias** no plan de estudos (indicador INF 18) amosa unha mellora en todas, agás en catro onde hai un pequeno descenso e outras tantas onde este valor se mántén. Tamén aumenta na materia Traballo Fin de Máster, pasando dun 21,74 % a un 48,65 %. En resume, facendo unha lectura dos últimos seis cursos –lembremos que dende o curso 2015-2016 modificáronse a estrutura e modalidade do título, levando parello a superación da conseguinte acreditación- o incremento desta taxa no ano obxecto de análise permite situala en vías de recuperación dos elevados valores que se rexistraran nos cursos 2010-2011 e 2013-2014.

A **taxa de éxito** (créditos superados con respecto aos presentados) presenta valores moi elevados tanto no curso 2015-2016 (96,52 %) como no 2016-2017 (98,05 %), obxecto este do seguimento, incidindo nisto positivamente as accións de mellora de cara a procurar unha maior relación entre estudantes e coordinación do título. Se diferenciamos entre alumnado a TC e TP e comparamos coas medias da USC, CA e SUE, superiores ao 98 %, no caso do alumnado a TC sitúase no 91,17 %, mentres no alumnado a TP acada o 100%. Estes valores tan elevados non hai que relacionalos co feito de que o alumnado non supere os exames aos que se presenta, senón na existencia dun importante abandono, tal e como veremos máis adiante.

No incremento porcentual da **taxa de avaliación** (créditos presentados con respecto aos matriculados) que pasa dun 64,68% no 2015-2016 a un 73,21% no 2016-2017, probablemente están incidindo as accións de mellora deseñadas co obxecto de crear unha canle de contacto entre profesorado e alumnado. No alumnado a TC esta taxa foi do 65,63%, notablemente inferior ás medias da USC (93,50%), das CA (93,57%) e do SUE (92,43%). Todo o contrario que no alumnado a TP onde se situa no 95,77%, superando claramente as medias da USC (60,38%), das CA (65,20%) e do SUE (81,29%). A fin de paliar esta baixa, a AM-14 pretende concienciar ao alumnado de que a súa situación (laboral, persoal, etc.) aconsella valorar cursar a titulación a TP.

Tamén se produce de modo xeral unha mellora porcentual da **taxa de avaliación das materias** do plan de estudos, agás en tres, destacando neste punto a materia Traballo Fin de Máster que pasa dun 21,74% a un 48,65%.

Como mencionamos anteriormente en relación coa taxa de rendemento, a significativa mellora producida entre os curso 2015-2016 e 2016-2017 permite recuperar a senda en que

situaba o título nas catro promocións anuais que van entre 2010-2011 e 2013-2014.

A **taxa de graduación** presenta un retroceso significativo dun 81,82% no 2015-2016 a un 48% no curso 2016-2017, situándonos en taxas cercanas ás dos cursos 2012-2013 (47,83%) e 2013-2014 (40,91%). En consecuencia cómpre reflexionar sobre este problema a fin de propoñer accións de mellora que permitan aproximarnos ao 80% de graduados e graduadas, previsto na memoria de verificación do título.

A **duración media dos estudos** do 1,39 no curso 2016-2017 sitúanos nunha senda de recuperación das cifras habituais ata o 2013-2014, xa que no 2015-2016 incrementáranse ata o 1,75.

Con respecto á **eficiencia dos titulados** non hai datos para o curso 2016-2017. Os datos existentes entre 2009-2010 e 2013-2014 presentan cifras positivas, sostidas e superiores ao 90% en todos os casos e coherentes, por tanto, co previsto na memoria, que se sitúa xusto nesta porcentaxe.

A **taxa de abandono RD 1393** volve a ser elevada para o curso 2016-2017 (28%), se ben non acada os valores preocupantes dos cursos 2012-2013 (43,48%) ou 2013-2014 (40,91%). O informe de acreditación de cualificacións das materias do plan de estudos (INF 15) amosa que as cifras de non presentados en cada unha das materias non varían con respecto ao curso anterior. Do mesmo xeito este informe amosa a existencia dun elevado número de alumnado – entre un terzo e un cuarto do total de matriculados- que figuran como non presentados nas materias obrigatorias do primeiro cuatrimestre do curso. Esta porcentaxe elévase ata o 33% na materia “Linguas para a comunicación” (inglés/portugués). Esta particularidade obriga ao deseño dunha acción de mellora que procure paliar tales porcentaxes e achegarse ao 20% previsto na memoria do título. Neste senso unha interlocución personalizada co alumnado susceptible de non presentarse, como a contemplada na AM-14, axudaralles a ser conscientes da carga de traballo real da titulación e de cada materia en particular, así así como dos especiais condicionantes ligados á superación de contidos que precisan de formación previa (materias lingüísticas).

Como mostra da idoneidade formativa do título nestes aspectos pode ser interesante sinalar os datos positivos derivados das diferentes enquisas de satisfacción (que serán obxecto de análise pormenorizada nun apartado posterior do presente informe). Así, o INF 13 (Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida) reflicte unha mellora de case medio punto entre o curso anterior e o presente (de 3,46 puntos a 4,11). Por ítems, destaca o importante avance cuantitativo experimentado nas preguntas “Cumpre o programa e o plan de traballo previsto” (de 3,76 a 4,34 puntos), “Motiva a participación crítica e activa dos estudantes” (de 3,33 a 4,03 puntos), “Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación” (de 3,31 a 4,05 puntos) e “Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes” (de 3,52 a 4,31 puntos). Destacaremos, ademais, os bos resultados obtidos no INF 14 (Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida), en que a práctica totalidade das magnitudes nun nivel de arredor dos 4 puntos. Os resultados son tamén bos nos informes relacionados co grao de satisfacción dos diferentes colectivos implicados na posta en funcionamento do programa de prácticas externas (INF 06, 07, 08). Porén, debemos indicar un aspecto que se debe mellorar. O informe da enquisa de satisfacción de egresados/as referido ao curso 2015-2016 sinalan unha debilidade do título neste aspecto, pois os datos nos diversos ítems son inferiores, na maior parte dos casos, á media USC (agás, precisamente, no relativo ás prácticas externas). Deben facernos reflexionar as baixas porcentaxes obtidas en ítems clave da nosa formación, tales como

“Capacidade de análise” (3 puntos fronte a 3,47 na media USC), “Capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións dentro do meu ámbito de estudo” (2,80 puntos fronte a 3,50 na media USC) e “Capacidade de aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas dun xeito creativo ou orixinal dentro do meu ámbito de estudo” (2,20 puntos fronte a 3,27 na media USC). Destaca tamén a baixa porcentaxe de egresadas e egresados que consideran que obtiveron capacidades para o traballo en equipo (2,40 puntos fronte a 3,47 de media na USC). Este aspecto sinala un risco importante da docencia non presencial e revela un futuro espazo para o desenvolvemento de accións de mellora como as que está previsto poñer en funcionamento no curso 2018-2019.

## 2.4. O estado do Plan de Melloras a realizar durante o curso 2016-2017

### 2.4.1. En relación co Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural

Das trece accións de mellora comprometidas no Informe de Seguimento para o curso 2016-2017, están aínda pendentes de execución as accións AMCC-10, AMCC-11, relacionadas coa elaboración da Planificación Estratéxica e a Programación Plurianual, e coa revisión do SGIC para adecualo ás características e necesidades da Facultade. A explicación da non execución destas accións, xa respondida en diversas partes desta memoria, está na situación de suspensión e substitución na que están os estudos de Grao da Facultade, e a consideración de que tanto a adaptación do SGIC as características da Facultade como a elaboración da Planificación Estratéxica e a Programación Plurianual deben esperar a que conclúa a elaboración dos novos plans de estudos.

Outra acción non pechada satisfactoriamente é a AMCC-13, dirixida a acadar datos para elaborar un informe de seguimento dos egresados e o grao de inserción laboral do título, debido a falta de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción que se lle envía unha vez terminada a súa etapa formativa, polo que o informe houbo que elaboralo unicamente coa información pública dispoñible do SIIU sobre afiliación a Seguridade Social, e afiliación a SS en réxime de autónomos.

Accións iniciadas pero aínda non pechadas son a AMCC-01 e a AMCC-02. A primeira consistiu no contacto, establecido coa Universidade de Turín a fin de explorar a posibilidade de establecer un dobre título co Grao de Cultura e Literatura do Mundo Moderno. Na actualidade esta posibilidade está momentaneamente paralizada ao atoparse o mencionado Grao de Cultura e Literatura do Mundo Moderno nun proceso de reforma do seu plan de estudos e considerar os seus responsables académicos prioritaria dita reforma como paso previo a retomar os traballos de cara a elaboración de dito dobre grao. A AMCC-02 consistiu no establecemento de convenios que posibiliten aos alumnos a realización de exames en centros próximos a seus lugares de residencia. Na actualidade proséguese explorando esta posibilidade a fin de os alumnos matriculados na opción semipresencial e residentes noutras localidades fóra de Galicia, poidan realizar os seus exames preto do seu lugar de residencia e sen necesidade de acudir ao propio centro no que se imparte o grao.

O resto de accións de mellora foron executadas con éxito. Así a AMCC-03, relacionada coa publicitación do grao. Entre o 15 e o 17 de febreiro de 2017 a Facultade de Humanidades

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 06/03/2017
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 14 de 29

presentou a súa oferta formativa mediante un stand informativo no 6º Salón da Oferta de Educación e Formación de Galicia (Edugal). Ademais coincidindo coa celebración deste evento, a decana da propia facultade participou nunha charla de orientación universitaria sobre o ámbito humanístico. <http://www.usc.es/campusterra/es/content/la-facultad-de-humanidades-del-campus-terra-de-la-usc-presenta-su-oferta-acad%C3%A9mica-en-edugal>.

A AMCC-04, relacionada igualmente coa promoción, e consistente nunha serie de accións no marco do Plan de Comunicación do Campus Terra. Entre estas accións:

- Folleto Corporativo Campus Terra: elaborouse un díptico con toda a oferta académica do campus, incluídas as titulacións da Facultade de Humanidades.
- Gabinete de Comunicación do Campus Terra: dende o Campus Terra déuselle cobertura aos distintos actos da Facultade de Humanidades, realizando a pertinente difusión a medios de comunicación. [Este enlace, contén todas as novas: <http://www.usc.es/campusterra/gl/search/node/Humanidades%20language%3Agl>]
- Web Corporativa Campus Terra e Redes Sociais: cada unha das noticias, foi difundida a través da web e das redes sociais do Campus Terra
- Redes Sociais do Campus Terra: adxunto capturas de pantalla cos resultados da promoción dos títulos en redes sociais.
- Historias en primeira persoa: recolléronse testemuños de alumnos da facultade para logo difundir en redes e canle de YouTube: [https://www.youtube.com/watch?v=EXOdN-RNVh4&list=PLndM77bBbainBI\\_SnTmsnWoRT8k\\_o7GNZ&index=1](https://www.youtube.com/watch?v=EXOdN-RNVh4&list=PLndM77bBbainBI_SnTmsnWoRT8k_o7GNZ&index=1)  
<https://www.youtube.com/watch?v=uPeEqLKgotQ&list=PLndM77bBbailOTitG4s61AMwTvblbV47E&index=6>
- Captación de estudantes: realizáronse visitas a centros de educación secundaria e formación profesional para promocionar os graos, neste senso elaborouse unha presentación en ppt con material audiovisual.

Tamén foi executada con éxito a AMCC-5, destinada a potenciar a vertente profesionalizante do título mediante a organización dunha actividade extracurricular. O 16 de novembro de 2016 tiveron lugar na Facultade de Humanidades as VI Xornadas de Xestión e Mediación Cultural baixo o título xenérico de “Competencias profesionais e proxectos culturais” nas que se abordaron cuestións tales como as competencias requiridas para atopar un emprego no ámbito da xestión cultural, a cultura como motor de desenvolvemento ou as exposicións dalgúns modelos de éxitos, entre outros. <http://www.usc.es/campusterra/es/node/690>. Esta interese por fornecer a futura capacitación profesional do alumnado do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural viuse complementada pola firma dun convenio coa Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural o 23 de febreiro de 2017: <http://www.usc.es/campusterra/es/content/la-asociaci%C3%B3n-gallega-de-profesionales-de-gesti%C3%B3n-cultural-favorece-la-inserci%C3%B3n-laboral-del>

A AMCC-06, orientada a iniciar os trámites necesarios para cubrir as necesidades formativas dos docentes implicados na modalidade semipresencial tamén foi concluída con éxito por medio da dotación dun técnico na unidade e-Terra:

<http://www.usc.es/campusterra/es/estudio-e-terra>

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 06/03/2017
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 15 de 29

Tamén pode considerarse como implementada de forma exitosa a AMCC-7, enderezada á diminuír as taxas de abandono (IN40G-S01-PM-01 e IN41G-S01-PM-01). Considérase que a diminución observada do 50% no curso 2015-2016 debiouse principalmente a unha mellora das canles de comunicación entre profesor e alumno, xa que se recomendou a todo o profesorado prestar unha maior atención primeiro aos casos de absentismo continuado, poñéndose en contacto cos alumnos e interesándose pola súa situación, e logo ao calendario de entrega de traballos das diferentes materias coa finalidade de evitar os solapamentos e así permitir aos alumnos organizar mellor o seu traballo e dar por conseguinte un mellor rendemento. Vistos os resultados, esta acción segue activa dada a importancia de adecuar ao ritmo de traballo previsto en cada materia ao dos alumnos para que estes poidan acadar os obxectivos das mesmas, e polo tanto acadar os da titulación en xeral coa finalidade de que poidan titularse nela.

A AMCC-08, consistente na análise, organización e publicitación de información clara sobre as competencias e as saídas profesionais dos egresados, tamén foi executada. Durante o mes de marzo de 2017 levouse a cabo unha labor de difusión para dar a coñecer os graos impartidos na Facultade de Humanidades en diversos centros de FP de Galicia. A selección dos centros correu a cargo da Xestora de Docencia do Campus Terra quen seleccionou os centros dacordo coa orientación dos seus ciclos e a súa conexión, en canto á súa orientación formativa, cos graos impartidos na Facultade de Humanidades, así como pola convalidación de 30 créditos universitarios que a Xunta de Galicia recoñece a algún destes ciclos. O número de centros visitados ascendeu a un total de 11:

<http://www.usc.es/campusterra/gl/content/facultade-de-humanidades-do-campus-terra-presenta-o-seu-grao-en-ciencias-da-cultura-e> ;  
<http://www.usc.es/campusterra/gl/content/humanidades-visita-seis-novos-centros-de-secundaria-formaci%C3%B3n-profesional-e-escolas-de-arte> ;  
<http://www.usc.es/campusterra/gl/content/humanidades-do-campus-terra-presenta-s%C3%BAa-oferta-de-grao-en-ourense-e-compostela>

As visitas desenroláronse todas seguindo un mesmo esquema, isto é, reunión cos equipos directivos e de orientación dos diferentes centros a fin de presentarlles a nosa oferta formativa, entrega de dípticos informativos e charla de 15 a 20 minutos de duración cos alumnos a fin de expoñerlles mediante un ppt elaborado ao efecto os nosos graos e a orientación dos mesmos. Ademais ao finalizar as diferentes charlas pasouse aos alumnos un formulario no que aquelas persoas interesadas en recibir información dos nosos graos e máster, anotaron o seu nome e apelidos, email e número de teléfono. En total, recolleuse o nome de máis de 70 persoas que demandaban información. A todas elas se lles notificou por correo electrónico a apertura do prazo de matrícula, así como calquera aclaración e dúbida que puideran ter. Igualmente preparouse un material de carácter orientativo máis desglosado dos graos e máster por parte do responsable ATIC da nosa facultade a fin de facérllelo chegar aos equipos directivos e de orientación destes centros.

Con data do 5 de xullo de 2017, o videdecano elaborou un informe sobre estas charlas informativas que foi presentado na Xunta de Facultade celebrada o 6 de xullo de 2017.



Respecto a AMCC-09, pensada para corrixir os problemas detectados na sincronización e na coordinación de materias e noutros aspectos, procedeuse, por parte da Comisión Académica e do Título (xuntanza de 18 de setembro de 2017), á revisión das Guías docentes de todas as materias e, especificamente daqueles apartados que gardan relación coa programación, sen que a exploración detectase problema algún neste sentido. Como esta acción de mellora propón tamén a mellora de mecanismos e canles de información de modo que os órganos de xestión estean en condicións de reflexionar e tomar decisións sobre os problemas detectados na coordinación, suscitada esta cuestión na mesma xuntanza da Comisión Académica e do Título, a comisión non considerou necesario incrementar o número de instancias de reflexión, xa que o feito de que os membros do equipo decanal e a xestora do centro participan en todas as comisións onde se tratan estes temas, garante un canle de comunicación entre os órganos de reflexión, xestión e decisión. Igualmente, ante a cuestión de se sería necesario rediseñar o formato de enquisas e informes de forma que ofrezan informacións detalladas, a comisión acordou que non é necesario, dado o alto nivel de detalle das enquisas elaboradas no centro, e ponse como exemplo a Enquisa para estudantes co TFG.

Finalmente, AMCC-12, consistente en continuar coa difusión para fomentar a cultura de calidade e a participación dos grupos de interese do centro nas enquisas de satisfacción, tamén se levou a cabo por medio de comunicacións directas cos alumnos, profesores e PAS de cando e como levalas a cabo, de carteis distribuídos polo centro, o aproveitando actos como as Xornadas de Benvida para ponderar ante os alumnos a importancia da participación en enquisas en particular, e do control da calidade en xeral. <https://goo.gl/7ptM2e>

#### **2.4.2. En relación ao grupo de docencia en Lugo do Grao en Lingua e Literatura Españolas**

O anuncio a finais do ano 2017 da súa próxima extinción condicionou parte do desenvolvemento das accións de mellora comprometidas para o curso 2016-2017, segundo se expresa no propio Informe de Seguimento da Facultade de Filoloxía, como xa se indicou máis arriba.

En relación coa evolución do número de estudantes de novo ingreso, o grupo docente de Lugo, que ofrecía un número máximo de 25 matrículas de novo ingreso desde 2011-12 ata 2016-17 (incluído), rexistrou unha matrícula de 13 alumnos en 2016-17, cunha tendencia positiva, derivada de diversas estratexias de captación de alumnado desenvolvidas nos últimos cursos. Con respecto á captación de alumnado, a relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas alcanzou un 64% no GLE no curso 2016-17, dos que un 24% lle corresponde ao grupo de docencia da facultade de Humanidades de Lugo.

En relación á AMLE-12, ligada ás prácticas externas, foi no curso 2015-16 cando o campus de Lugo implantou a súa oferta de prácticas externas en empresas con actividade relacionada co Grao en Lingua e Literatura españolas. A acción de mellora incluíu dúas iniciativas: a sinatura de convenios con empresas e institucións da provincia de Lugo e a convocatoria de presentación de solicitudes para a realización de prácticas externas. Todas as iniciativas comentadas obtiveron resultados positivos.

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 06/03/2017
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 17 de 29

A pesares dos esforzos realizados, a AMLLE-13, destinada a incrementar o número de alumnos que cubren as enquisas dos TFGs, ningún dos egresados no curso 2016-2017 respondeu aos estímulos para animar á participación.

A propia normativa, que nega a posibilidade ao nomeamento de coordinadores de curso nos grupos de docencia, impediu que se realizara a AMLLE-14, pola que se pretendía crear coordinadores de curso para detectar problemas da implantación da titulación dunha forma máis precisa.

A AMLLE-15, que tiña como obxecto aumentar a participación do profesorado nos cursos do PFID, en aberto descenso nos últimos cursos, tampouco se levou a cabo de forma exitosa, debido principalmente a incerteza provocada pola extinción do grupo de docencia de Lugo.

Pola contra, sí que foi executada con éxito a AMLLE-16, deseñada para dotar de formación específica ao PAS sobre procesos de seguimento da calidade, por medio da celebración dun curso, que tivo lugar entre o 16 e o 18 de outubro, sobre procesos de calidade e de aplicación e de axuda aos sistemas de xestión.

#### **2.4.3. En relación ao Master en Servizos culturais**

O Plan de Mellora contempla un total de 19 accións comprometidas para o curso 2016-2017. Delas, todas foron executadas con éxito total o parcial.

Así, a AMSC-01, deseñada para a promoción dos estudos, foi satisfactoriamente desenvolta, tal e como se manifesta nos seguintes enlaces:

[A promoción do Máster fíxose a través de Twitter e Faetbook do Campus Terra, pero tamén a través das redes sociais da Facultade de Humanidades:](#)

[Páxina principal Facebook - www.facebook.com/masterservizosculturais](http://www.facebook.com/masterservizosculturais)

[Grupo secundario Facebook - www.facebook.com/groups/1415064098750985](https://www.facebook.com/groups/1415064098750985)

[Páxina principal Twitter - twitter.com/Servs\\_Culturais](https://twitter.com/Servs_Culturais)

[Blog-masterenservizosculturais.wordpress.com \(URL: https://twitter.com/campusterrausc\)](http://blog-masterenservizosculturais.wordpress.com)

A AMSC-02, deseñada para paliar unha das debilidades do título, como é o reducido número de TFM's que se defenden, rematou con éxito parcial, a pesares da longa batería de subaccións que se levaron a cabo con este obxecto.

A AMSC-03, pensada para por a disposición dos alumnos espazos reais de xestión cultural, con especial atención a fenómenos novidosos ou emerxentes, consistiu na realización do evento CulturalLab (3ª edición) en abril 2017:

[\(URL: http://www.usc.es/campusterra/gl/content/o-culturalab-de-primavera-do-campus-terra-da-usc-converter%C3%A1-lugo-os-d%C3%ADas-20-e-21-de-maio-na\)](http://www.usc.es/campusterra/gl/content/o-culturalab-de-primavera-do-campus-terra-da-usc-converter%C3%A1-lugo-os-d%C3%ADas-20-e-21-de-maio-na)

A AMSC-04, destinada a aumentar o porcentaxe de alumnado estranxeiro, e unha acción iniciada que terá continuidade en cursos sucesivos. Consiste na revisión dos plans de estudos de máster das catro universidades estratéxicas para o Campus erra, co obxecto de procurar

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 06/03/2017
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 18 de 29

títulos similares cos cales se poida establecer algún tipo de negociación conducente ao deseño de dóbres títulos ou, cando menos, acordos para o intercambio de alumnado.

As accións de promoción do título en redes realizadas pola empresa Abertal engádense este curso a visibilización levada adiante desde as redes do Campus Terra. Os resultados son positivos, pois o máster tivo unha prematrícula de máis de 50 persoas. ([URL: http://www.usc.es/campusterra/gl/content/aberto-o-prazo-para-solicitude-de-admisi%C3%B3n-nos-m%C3%A1ster-do-campus-terra](http://www.usc.es/campusterra/gl/content/aberto-o-prazo-para-solicitude-de-admisi%C3%B3n-nos-m%C3%A1ster-do-campus-terra))

A AMSC-05, debido a un erro, non foi plenamente executada neste curso, polo que se deberá ser repetida no seguinte. A súa motivación é igualar a demanda do título por parte de egresados de Humanidades e de Ciencias Sociais e o procedemento para acadalo modificar os criterios de acceso entre Humanidades e Ciencias Sociais.

A AMSC-06, deseñada para facilitar a integración lingüística do alumnado de fóra de Galicia, inclúe unha serie de medidas como achegar a información do título tanto en galego come en castelán o que as guías docentes estean tamén nas dúas linguas, o que as comunicacións colectivas sexan tamén bilingües.

[A coordinadora do Máster gravou un vídeo explicando o papel do titor ou titora tanto para os Traballos Fin de Máster como para as Prácticas Externas](#)

<https://youtu.be/cpTJhICNT6g>

<https://youtu.be/cpTJhICNT6g> (URL: <https://youtu.be/3yf2nugQSFk>)

Salvo polo feito de que algúns docentes non facilitaron os seus guías docentes nas dúas linguas, o resto de accións desenvolvéronse satisfactoriamente.

A AMSC-07, ideada para titorizar de maneira moi estreita os alumnos e alumnas do máster ao longo do seu periplo na titulación, por medio de diversas accións como enquisas de satisfacción específicas, comunicacións persoais e reunións, cumpríuse tamén de xeito satisfactorio, pero deberá ter continuidade nos próximos cursos para acadar efectividade nun prazo longo.

A AMSC-08 xurdiu da evidencia de que seguían existindo aspectos que mellorar na xestión de cada unha das materias que conforman o plan de estudos, para o que se elaborou un cronograma anual que contivese conteña as datas de entrega da totalidade das actividades que o alumnado debe realizar na plataforma en cada materia. A realización desta acción non foi completa pola ausencia de resposta por parte do profesorado do título, polo que deberá ser repetida no próximo curso.

A AMSC-09 supón mellorar as canles existentes para a comunicación entre a Comisión Académica do título e o profesorado da titulación, e inclúe diversos contactos informativos destinados a concienciar ao profesorado sobre a importancia do fluxo de información e da necesidade de achegar unha información completa das condicións de superación da súa materia antes de que comece o curso académico. A medida deberá ter continuidade nos próximos cursos

A AMSC-10 está relacionada coa normativas que regulan a actividade docente (normativa de permanencia e normativa de avaliación do alumnado, como as máis relevantes) e a súa

necesaria adaptación á modalidade semipresencial. Con este fin, se revisaron os principais textos normativos relacionados coa xestión da docencia e da avaliación. Acto seguido, se estableceron conversas coa Secretaría Xeral da Universidade para ver de adaptar os principais procesos vinculados á docencia (titorías, aulas e exames, sobre todo) ás circunstancias do alumnado da modalidade semipresencial, se organizaron I Xornadas Campus Terra sobre Docencia Universitaria non Presencial centradas precisamente nesta cuestión. Medidas xurdidas desta fase de análise foi, sobre todo, a elaboración dun Regulamento de Réxime Interno do Máster e a súa adaptación ao Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e de Máster que entrou en vigor no curso 2016-2017; ou a elaboración dunha Guía Docente do Traballo Fin de Máster, na súas versións profesional e investigadora (esta última aínda non concluída)

A AMSC-11, xurdida da falta de representatividade do colectivo do alumnado na Comisión Académica do Máster, pretende colmar esta carencia mediante a concienciación do alumnado, mediante diversas comunicacións e xuntanzas informativas. A acción deberá ter continuidade nos cursos vindeiros.

A AMSC-12, xurdida da necesidade de incentivar a mobilidade do profesorado, é unha acción relacionada co Plan Estratéxico Campus Terra, e está a procurar contactos con universidades europeas de referencia títulos semellantes ao Máster en Servizos Culturais que poidan ter unha repercusión positiva. A acción está aínda en execución, pois O xestor de internacionalización do Plan Estratéxico Campus Terra comezou os labores conducentes a detectar os títulos semellantes ao Máster en Servizos Culturais nas universidades de referencia do proxecto, mais aínda non se estableceron os contactos cos e coas responsables académicas de cada un deles.

A AMSC-13 ten como fin a mellora da taxa de rendemento, e prevé medidas xa incluídas noutras Accións de Mellora como a AMSC-7, complementada con sesións sesións de contacto co alumnado. É esta unha medida que deberá continuarse en anos sucesivos ata acadar os resultados buscados.

## **2.5. Accións de Mellora para o curso 2017-2018**

Dada a situación de extinción dos títulos de *Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural* e do grupo de docencia de Lugo do *Grao en Lingua e Literatura Españolas*, no primeiro caso non se realizou Informe de Seguimento nin Plan de Melloras para o curso 2017-2018. No segundo caso, aínda que si aportou a súa parte de análise ao Informe de Seguimento da Facultade de Filoloxía, deste non xurdiron accións de mellora para os vindeiros cursos. Por esta razón, as accións de mellora incluídas neste apartado son unicamente as correspondentes ao Centro e ao Máster en Servizos Culturais.

### **2.5.1. En relación co Centro**

Estas son as accións pensadas para a súa implementación na Facultade de Humanidades no futuro, a meirande delas relacionadas cos novos títulos que verán a substituír ós graos extinguidos.

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 06/03/2017
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 20 de 29

A AMC-01 consiste na elaboración dun novo regulamento de réxime interno do Centro, adaptado aos novos estatutos da USC, modificados no 2014.

A AMC-02 prevé melloras estruturais do Centro, coa previsión da creación da Aula profesional de Cultura en substitución do Laboratorio de Idiomas en función actualmente no centro.

A AMC-03 ten previsto a Organización dun *Workshop* sobre xestión cultural, con participación de profesionais do eido, a celebrar previsiblemente a finais de setembro de 2017.

A AMC-04 consiste no deseño dun novo grao en substitución do *Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural*, para que deberá consituirse, en primeiro lugar, unha comisión redactora encargada deste cometido.

A AMC-05 consiste na búsqueda de fórmulas que permitan cubrir o oco deixado polo grupo de docencia en Lugo do *Grao en Lingua e Literatura Españolas*. Esta fórmula deberá pasar pola creación dun novo estudo, cuxa natureza está aínda por consensuar coas instancias educativas.

### 2.5.2. Con respecto ao *Máster en Servizos Culturais*

Estas son as seis accións de melloras xurdidas das análises do Informe de Seguimento 2016-2017 para o curso seguinte:

A AMSC-14, pensada para mellorar indicadores do rendemento como a taxa de abandono, consistente no Deseño dun Plan de Acollida individualizado que se baseará nunha titoría obrigatoria, presencial ou por Skype, conducente a analizar a situación de partida de cada un dos alumnos, de informalos sobre as posibilidades de realización do título e das características fundamentais da titulación.

A AMSC-15, motivada pola baixa participación nas que fornecen datos para o análise, prevé medidas conducentes ao seu aumento, analizando primeiro os procedementos postos en práctica pola institución para conseguir información dos distintos grupos de interese, e planificando despois unha batería de medidas que permita incrementar a resposta aos cuestionarios de satisfacción por parte dos grupos de interese.

A AMSC-16 pretende incrementar o baixo nivel de internacionalización do título mediante o establecemento de relacións con outras titulacións de máster de contido semellante en universidades estranxeiras, coa finalidade de promover un intercambio de alumnado que redunde tamén na realización de prácticas internacionais.

A AMSC-17 pretende fortalecer dous puntos febles da formación impartida no máster detectadas grazas as enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e a enquisa a egresados. Estas debilidades son a ausencia de formación de traballo en equipo, e a limitada dimensión práctica/creativa da docencia). As medidas pensadas para levala a son a mellora da formación do profesorado do título para atender estas dúas necesidades nun contorno non presencial, para o cal se deberá pedir a colaboración da entidade da formación continua do profesorado (CETA).

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 06/03/2017
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 21 de 29

A AMSC-18 tamén pretende fortalecer aspectos febles de coordinación, entre os e as profesores e profesoras da mesma materia por unha banda, e en xeral entre as distintas materias, que poden estar solapando contidos. As medidas previstas para resolver esta situación pasan por examinar programas e guías docentes das materias compartidas, coa finalidade de que estas non supoñan o solapamento.

A AMSC-19 xurde do feito de que todas as taxas e outros indicadores de que se ten datos establecen unha comparación entre o Máster en Servizos Culturais, que se imparte en modalidade semipresencial, con outros Máster que se caracterizan por seren presenciais, sen atender na especificidade da modalidade en que se ofrece a titulación. As medidas pensadas para arranxar esta situación son a creación de estándares de comparación específicos para o ensino semipresencial e *online*, e o establecemento de contacto con títulos semipresenciais e *online* do SUG e SUE coa finalidade de coñecer as súas circunstancias de impartición, e nomeadamente o seu rendemento.

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 06/03/2017
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 22 de 29

### 3. Plan de Melloras do Centro

No cadro seguinte reúnense as accións de mellora do Centro (AMC, da 01 á 05), do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión cultural (AMCC, da 01 á 13), do grupo de docencia do Grao en Lingua e Literatura españolas (AMLLE, da 11 á 16), e do Máster en Servizos culturais (AMSC, da 01 á 19), co seu grao de cumprimento.

## LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AMC-01	Memoria de Calidade	Elaboración dun novo regulamento de réxime interno	Executado parcialmente	Mª Isabel González Rey		non
AMC-02	Memoria de Calidade	Creación da Aula Profesional de Cultura	Activo	Mª Isabel González Rey		non
AMC-03	Memoria de Calidade	Organización de un Workshop sobre xestión cultural	Executada	Gonzalo Francisco Fernández Suárez	30/09/2017	si
AMC-04	Memoria de Calidade	Deseño de un novo grao de Xestión Cultural	Activo	Mª Isabel González Rey		non
AMC-05	Memoria de Calidade	Deseño dun novo estudo que cubra o oco do grupo de docencia do Grao en LLE	Activo	Mª Isabel González Rey		non
AMCC-01	Informe de Seguimento	Explorar a posibilidade dun dobre título coa Universidade de Turín (Italia)	Activo	Gonzalo Francisco Fernández Suárez	31/10/2017	non
AMCC-02	Informe de Seguimento	Establecer convenios que posibiliten aos alumnos a realización de exames en centros próximos a seus lugares de residencia	Activo	Gonzalo Francisco Fernández Suárez	29/12/2017	non
AMCC-03	Informe de Seguimento	Publicitar o grao nun ámbito de difusión académica	Executado	Gonzalo Francisco Fernández Suárez	28/02/2017	sí
AMCC-04	Informe de Seguimento	Elaborar un plan de comunicación e publicidade conxuntamente entre o Gabinete de Comunicación do Campus Terra e os docentes da área de comunicación implicados na docencia do Grao	Executado	Mª Isabel González Rey	31/10/2017	sí
AMCC-05	Informe de Seguimento	Potenciar a vertente profesionalizante do título mediante a organización dunha actividade	Executado	Gonzalo Francisco Fernández Suárez	30/11/2016	sí



		extracurricular.				
AMCC-06	Informe de Seguimento	Iniciar os trámites necesarios para a dotación dun posto técnico na unidade e-Terra para cubrir as necesidades formativas dos docentes implicados na modalidade semipresencial	Executado	M <sup>a</sup> Margarita Díaz Blanco	29/12/2017	sí
AMCC-07	Informe de Seguimento	Diminución das taxas de abandono (IN40G-S01-PM-01 e IN41G-S01-PM-01).	Executado	M <sup>a</sup> Isabel González Rey	01/12/2017	sí
AMCC-08	Informe de Seguimento	Analizar, organizar e publicitar información clara sobre as competencias e as saídas profesionais dos nosos egresados	Executado	Gonzalo Francisco Fernández Suárez	30/06/2018	sí
AMCC-09	Informe de Seguimento	Mellorar os mecanismos e canles de información de modo que os órganos de xestión estean en condicións de reflexionar e tomar decisións sobre os problemas que se detectaron na coordinación das materia so en outros aspectos relacionados coas mesmas.	Executado	José María Anguita Jaén	31/07/2017	sí
AMCC-10	Informe de Seguimento	Revisión del SGIC para adecuarlo a las características y necesidades de la Facultad	Activo	José María Anguita Jaén	29/12/2017	non
AMCC-11	Informe de Seguimento	Elaboración e aprobación da planificación estratéxica da Facultade e da Programación Plurianual	Activo	José María Anguita Jaén	29/12/2017	non
AMCC-12	Informe de Seguimento	Continuar coa difusión para fomentar a cultura de calidade e participación dos	Executado	José María Anguita Jaén	29/12/2017	sí

		grupos de interese do centro nas enquisas de satisfacción.				
AMCC-13	Informe de Seguimento	Realizar un informe de seguimento e un análise da información sobre os egresados e a inserción laboral do título	Non executado	José María Anguita Jaén	31/10/2017	non
AMLLE-11	Informe de Seguimento	Aumentar o número de alumnos de 1º curso	Executado parcialmente	Mª Isabel González Rey, Mª Margarita Díaz Blanco	29/12/2017	non
AMLLE-12	Informe de Seguimento	Incrementar o número de alumnos de prácticas externas	Executado parcialmente	Montserrat Recalde, Fernando Suárez Golán	29/12/2017	non
AMLLE-13	Informe de Seguimento	Incrementar o número de alumnos que cubren as enquisas dos TFGs	Executado	Montserrat Recalde, Mª Margarita Díaz Blanco	30/09/2017	sí
AMLLE-14	Informe de Seguimento	Nomear coordinadores de curso	Non executado	Mª Isabel González Rey	30/06/2018	non
AMLLE-15	Informe de Seguimento	Aumentar a participación do profesorado nos cursos do PFID	Non executado	Mª Isabel González Rey	29/12/2017	non
AMLLE-16	Informe de Seguimento	Organizar cursos para PAS de formación específica sobre procesos de seguimento da calidade	Executado	Mª Isabel González Rey	16-18/10/2017	sí
AMSC-01	Informe de Seguimento	Accións para dar a coñecer o máster	Executado	Carme Silva Domínguez	30/06/2017	sí
AMSC-02	Informe de Seguimento	Introdución de melloras no procedemento de adxudicación de títulos	Executado	Carme Silva Domínguez, Fernando Suárez Golán	31/07/2017	sí
AMSC-03	Informe de Seguimento	Deseño e realización do evento CulturaLab (3ª ed.)	Executado	Carme Silva Domínguez	31/07/2017	sí
AMSC-04	Informe de Seguimento	Revisión dos plans de estudos de máster das catro universidades estratéxicas para o Campus Terra	Activo	Carme Silva Domínguez	31/07/2017	sí
AMSC-05	Informe de Seguimento	Modificación dos criterios de acceso	Non executado	Mª Margarita Díaz Blanco	01/22/2017	non

		entre Humanidades e Ciencias Sociais				
AMSC-06	Informe de Seguimento	Atención á diversidade lingüística do alumnado	Executado	Carme Silva Domínguez	29/12/2017	sí
AMSC-07	Informe de Seguimento	Titorización estreita do alumnado ao longo do seu periplo pola titulación	Executado	Carme Silva Domínguez	31/07/2017	sí
AMSC-08	Informe de Seguimento	Elaboración dun cronograma que conteña as datas de entrega das actividades a realizar na plataforma	Parcialmente executado	Carme Silva Domínguez	29/09/2017	sí
AMSC-09	Informe de Seguimento	Refinamento das canles de comunicación entre coordinadora e o profesorado	Executado	Carme Silva Domínguez, M <sup>a</sup> Margarita Díaz Blanco	31/07/2017	si
AMSC-10	Informe de Seguimento	Revisión das normas que regulan a xestión da docencia e da avaliación	Executado	Carme Silva Domínguez, M <sup>a</sup> Margarita Díaz Blanco	31/07/2017	si
AMSC-11	Informe de Seguimento	Incorporación de representantes do alumnado na Comisión Académica do máster	Executado	Carme Silva Domínguez	30/01/2017	si
AMSC-12	Informe de Seguimento	Búsqueda de incentivos para a mobilidade do profesorado	Parcialmente executado	Carme Silva Domínguez	01/09/2017	si
AMSC-13	Informe de Seguimento	Aproximación da taxa de rendemento ao obxectivo fixado na Memoria do Título (un 90%)	Executado	Carme Silva Domínguez	31/07/2017	si
AMSC-14	Informe de Seguimento	Deseño dun Plan de Acollida individualizado	Activo	Carme Silva Domínguez	31/10/2018	sí
AMSC-15	Informe de Seguimento	Medidas para fomentar o aumento da participación nas enquisas e cuestionarios	Activo	Carme Silva Domínguez	30/09/2019	sí
AMSC-16	Informe de Seguimento	Establecemento de relacións con titulación de máster semellantes	Activo	Carme Silva Domínguez	31/07/2018	non
AMSC-17	Informe de Seguimento	Mellora da formación do profesorado en dirixir traballo grupal	Activo	Carme Silva Domínguez	30/09/2018	sí

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 06/03/2017
	<b>FACULTADE DE HUMANIDADES</b>	Páxina 27 de 29

		e e creativo en contexto non presencial				
AMSC-18	Informe de Seguimento	Medidas de solución de problemas en coordinación entre docentes	Activo	Carme Silva Domínguez	31/07/2019	sí
AMSC-19	Informe de Seguimento	Creación de estándares de comparación de ensinos semipresenciais u <i>on line</i>	Activo	Carme Silva Domínguez	31/05/2018	sí

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 06/03/2017
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 28 de 29

#### 4. Anexo: Informes de seguimento

<http://www.usc.es/gl/centros/humanidades/Informe.html>